

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE
ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **21 de marzo de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Doval Soto	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 21 de marzo de 2019 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúñese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudio dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijoo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D ^a . M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas	
D. Vicente Gómez García	
D. Adolfo González Nóvoa	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
D. Francisco José Fraga Civeira	
SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes	
INTERVENTORA ACCTAL: D. ^a Begoña Álvarez Matos	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2019.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de febreiro de 2019, non se formulán observacións quedando aprobada co voto favorable do

Grupo Popular (7), do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e a abstención do deputado don Francisco José Fraga Civeira.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR DE REIVINDICACIÓN INSTITUCIONAL DO DÍA DE GALICIA MÁRTIR.-

O presidente da comisión dá conta do contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (7) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1), do BNG (1), e de don Francisco José Fraga Civeira, a comisión ditamina favorablemente a adopción do seguinte acordo:

- O Pleno da Deputación insta ao Parlamento de Galicia a:

1º.- Declarar e instituír como “Día da Galicia Mártir” o día 17 de agosto de cada ano, con carácter de celebración na Comunidade Autónoma de Galicia, en memoria e homenaxe de todos/as os/as ciudadáns e ciudadás galegos/as que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defender as liberdades e dereitos democráticos e do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional daquela vixente, no 1º Estatuto de Autonomía de Galicia, plebiscitado o 28 de xuño de 1936.

2º.- Dar cumprimento expreso da proposición non de lei n.º 07/PNP-0165 (9078), aprobada no Pleno do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 26 de decembro de 2006; publicada no BOPG n.º 301, do 03.03.2007.

3º.- A promover institucionalmente a celebración de actos protocolarios da devandita rehabilitación pública e política.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 18:05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifíco.